

**BLOQUE 4/ TEMA 9: Sector primario. Os espazos rurais. Identificación das paisaxes agrarias. Pesca, acuicultura e outros aproveitamentos.**

| BLOQUE 4                                                | CONTIDOS                                                                                            | PRÁCTICOS -> Cuestión 2 ou 3                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  | VOCABULARIO                   |
|---------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------|
| España: a ordenación do territorio no enfoque económico | 4.1 Sector primario. Os espazos rurais. Identificación das paisaxes agrarias.                       | 17. Documentos sobre prácticas sustentables e insustentables nos espazos agrarios (problema dos puríns, esgotamento da fertilidade da terra polas prácticas intensivas, dependencia da agroindustria, sementes modificadas...), e os circuitos da distribución dos alimentos e contraste co mercado de proximidade, ...                                       | 47. Agricultura ecolóxica     |
|                                                         | 4.2 Os recursos mariños e a transformación do litoral: pesca, acuicultura e outros aproveitamentos. | 18. A repercusión da PAC. Novas sobre prácticas agrarias de tipo ecolóxico. Mapas/ortofotos sobre incremento de regadío e invernadoiros en España.                                                                                                                                                                                                            | 48. Denominación de orixe     |
|                                                         | 4.3 Sector secundario. Os espazos industriais.                                                      | 19. Mapas / ortofotos, gráficos e imaxes sobre paisaxes agrarias predominantes en España: montaña húmida, praderías, dehesa, cerealicultura, viñedo, cultivos tropicais, cultivo baixo plástico.                                                                                                                                                              | 49. Silvicultura              |
|                                                         | 4.4 Sector terciario. Os espazos terciarizados.                                                     | 20. Documentos nos que se aborde o esgotamento dos caladoiros, a política pesqueira europea e os seus efectos na flota galega, os efectos positivos e negativos da acuicultura.                                                                                                                                                                               | 50. FEAGA                     |
|                                                         | 4.5 A economía dixital: impacto da «economía colaborativa».                                         | 21. Mapas de emprego industrial, contribución da industria no PIB, evolución de negocios na industria manufacturera ... Comparativa de imaxes parque tecnolóxico/polígono industrial tradicional. Factores de localización industrial. Novas sobre a polémica localización de minas e industrias de enclave. Novas sobre a deslocalización e os seus efectos. | 51. Enerxías renovables       |
|                                                         |                                                                                                     | 22. Imaxes da transformación da costa española pola actividade turística e novas sobre a turismofobia.                                                                                                                                                                                                                                                        | 52. Industrias verdes         |
|                                                         |                                                                                                     | 23. Gráficos e novas sobre o declive do comercio tradicional. As novas formas de comercio: dixital, online, plataformas lóxicas... Formas de traballo e economía colaborativas. Mapas, estatísticas e gráficos sobre a conectividade e fenda dixital en España.                                                                                               | 53. Industria 4.0             |
|                                                         |                                                                                                     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               | 54. Deslocalización industria |
|                                                         |                                                                                                     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               | 55. Descarbonización          |
|                                                         |                                                                                                     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               | 56. Balanza comercial         |
|                                                         |                                                                                                     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               | 57. Ecoturismo                |
|                                                         |                                                                                                     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               | 58. Economía sumerxida        |
|                                                         |                                                                                                     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               | 59. Turismofobia              |
|                                                         |                                                                                                     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               | 60. Fenda dixital             |

**1 Transformacións recentes na estrutura agropecuaria española:**

- As explotacións agrarias - Técnicas e sistemas agrarios - Política Agrícola Común.

**ABAU EXTRAORDINARIA 2021**

O espazo rural é o **territorio non urbanizado** da superficie terrestre. **Tradicionalmente** foi un espazo agrario onde se desenvolvían as **actividades agrícolas, gandeiras e forestais**. Non obstante, desde a **década de 1970**, introducíronse outras actividades (residenciais, industriais, de servizos, recreativas e paisaxístico-conservacionistas) e o espazo rural volveuse **máis heteroxéneo e complexo**.

a) As explotacións agrarias

Unha explotación agraria é unha **unidade económica** que agrupa **todas as parcelas** traballadas por un **mesmo agricultor ou gandeiro, xunto ás instalacións** complementarias. En España contabilízanse **hoxe un millón** de explotacións agrarias, cifra moi inferior a décadas anteriores debido ao abandono de terras polos que se xubilaron, emigraron ou cambiaron de actividade e tamén como resultado dun proceso de concentración de parte das terras. Esa concentración permitiu a **elevación do tamaño medio** das explotacións aínda que existen fortes contrastes. O resultado é unha dualidade cada vez maior entre unhas **explotacións familiares moi pequenas e pouco rendibles**, en progresivo abandono ou traballadas só a tempo parcial cunha baixa produtividade e unhas **empresas agrarias**, de particulares, sociedades ou cooperativas, que teñen **maior dimensión, estanse modernizando e son rendibles**. Tamén existen

importantes diferenzas rexionais en canto ao tamaño medio das explotacións agrarias: as rexións dominadas por **cultivos de secano ou devesas** presentan explotacións de **maior tamaño** medio e as rexións **húmidas e de especialización gandeira**, xunto aos **regadíos do litoral mediterráneo**, contan con explotacións **máis pequenas**.

No referente ao réxime de tenza pode distinguirse entre tenza **directa, arrendamento e parzaría**. Na actualidade, un 70% das terras cultivadas mantéñense en tenza directa e tende a desaparecer o sistema de parzaría. Un medio para conseguir explotacións agrarias rendibles de dimensión suficiente foi a creación de **cooperativas** (arredor de 4.000 e 45% da produción). Predominan as dedicadas a transformar os produtos e comercializalos.

### **b) Técnicas e sistemas agrarios**

As técnicas e os sistemas agrarios experimentaron **cambios desde a década de 1960**. As transformacións técnicas consistiron na incorporación de avances como a **mecanización** de tarefas, a **selección xenética** das sementes e razas gandeiras, ou o uso de **fertilizantes químicos e produtos fitosanitarios**.

As transformacións nos sistemas agrarios supuxeron unha **crecente intensificación** da produción e un paralelo **aumento** do **rendementos**. A agricultura española actual coñeceu un intenso proceso de **modernización**, o que permitiu elevar a súa eficiencia. As transformacións máis importantes son:

- Unha crecente **especialización** do territorio nos **cultivos** para os que teñen mellores condicións competitivas, abandonando o resto.
- **Maior investimento de capital para incorporar maquinaria** (tractores, colleitadoras, motores para rega, etc.), **produtos químicos** (fertilizantes, herbicidas, praguicidas, etc.) **ou sementes seleccionadas e transxénicas**. Este tipo de investimentos reduce a necesidade de traballadores e aumenta os rendementos, aínda que tamén pode ter consecuencias negativas (contaminación riscos para a saúde).
- Forte **incremento da superficie en regadío**, que permite aumentar a produción pero tamén provoca a sobreexplotación de certos acuíferos e crecentes conflitos pola auga.
- Incorporación de **novas técnicas de cultivo**, como o enareado ou cultivo baixo plástico. No enareado alternanse capas de area e esterco, permitindo cultivar terras moi pouco fértiles; sobre todo, no sueste peninsular. O cultivo baixo plástico asóciase ao uso de técnicas avanzadas como o cultivo hidropónico, sen solo, a rega por goteo, ou a creación de microclimas controlados a distancia con medios informáticos.

### **c) Política Agraria Común (PAC)**

As **áreas rurais** españolas cunha importante presenza de actividades agrarias enfróntanse desde hai décadas a importantes **problemas**: **escasa competitividade** dunha parte dos produtos (que só poden ser rendibles mediante subvencións), progresivo **despoboamento e envellecemento** das áreas rurais, **redución dos empregos agrarios, ingresos medios inferiores** e crecentes **impactos ambientais**. Ante esta situación todos os **países desenvolvidos** manteñen unha **política agraria** que trata de asegurar a viabilidade do sector, e así manter a presenza no campo dun certo número de **agricultores e gandeiros**; procurando, deste xeito, **eleva as súas rendas** tanto por **razóns económicas coma sociais e ambientais**. Desde a entrada na Unión Europea, a maioría das accións dirixidas á promoción do sector agrario español proveñen da Política Agraria Común (PAC). Aínda que a PAC coñeceu importantes cambios ao longo do tempo, a súa influencia sobre o sector agrario español concreouse nunha serie de **accións**:

- Establecemento de **prezos de garantía** para determinados produtos agrícolas e gandeiros con subvencións.
- Esixencia de redución de superficie, ou **cotas máximas** de produción, para algúns cultivos ou especies gandeiras que xeran excedentes non consumidos.
- Apoio á **reforestación** de terras agrícolas e á **agricultura e gandería ecolóxicas**.
- Axudas para a **modernización das explotacións**
- Apoio á **diversificación económica** do mundo rural (turismo rural, artesanía e industria, etc.).
- **Axudas especiais para áreas de montaña e zonas desfavorecidas**.

Pese a ser a **clave** que permite **manter** hoxe activas boa parte das **explotacións** agrarias, a PAC enfróntase a certas **críticas** debido a que absorbe parte importante do orzamento total comunitario, o que non corresponde ao peso relativo do sector e a que supón un proteccionismo do seu mercado interior.

## 2. Como comentar unha paisaxe rural/agraria

### Que é unha paisaxe rural?

Unha **PAISAXE RURAL** é un espazo natural que foi modificado pola actividade do ser humano. O ser humano asentouse e poboou o territorio, ao tempo que explotou os recursos que este lle ofrecía, transformándoo en maior ou menor medida.

### Pasos a seguir para comentar unha paisaxe rural

#### 1. Localización

Indicar se se trata dunha paisaxe de interior ou de costa, se é de chaira ou de montaña. Se é posible, intentarase sinalar a rexión ou comarca concreta e, incluso, o lugar específico.

#### 2. O medio natural

- Valorar o grao de humanización da paisaxe (se predominan os aspectos naturais ou os derivados da acción humana, se é ou non un espazo profundamente humanizado e transformado).
- Valorar o relevo, a rocha e os solos, tendo en conta se é unha paisaxe de chaira ou de montaña. Indicar se existen grandes elevacións con pendente pronunciada, outeiros, vales; se se trata dunha paisaxe de campiña ou veiga. Considerar o modelado: páramos ou outeiros testemuña típicos de zonas arxilosas, relevos cársticos (dolinas, canóns, etc.) ou relevos de zonas silíceas (afloramentos de lousa, berrocais graníticos). Os solos arxilosos amosan un ton avermellado, mentres que as terras calcarias presentan un ton branco. Nas Canarias, os solos son volcánicos.
- En relación co relevo, comentar as augas (ríos, lagoas, acuíferos) e como determinan a paisaxe. Por exemplo, indicar por onde discorren os ríos e, se é posible, falar das súas características e réxime, observando a vexetación de ribeira. Ás veces, a inexistencia de auga na zona, sumada a unha potente agricultura de regadío con invernadoiros, suxire a presenza de acuíferos.
- Analizar a vexetación natural existente. Sinalar se ocupa moito ou pouco espazo, especificando as zonas onde se estende (zonas elevadas, vales ou marxes dos ríos, etc.), distinguir se predomina o bosque ou o mato e indicar as especies dominantes (carballos ou faias oceánicas, sobreiras ou aciñeiras mediterráneas, ou bosques de repoboación con piñeiros ou eucaliptos).
- O clima (temperaturas, precipitacións, grao de aridez) dedúcese a partir da vexetación natural existente e do tipo de cultivo, aínda que tamén nos proporcionan información as augas e as construcións humanas. Por exemplo, se observamos mato mediterráneo e bosques de aciñeiras ou piñeiros, cun ambiente seco debido ao estiaxe e á escaseza de choivas, onde predominan a

oliveira ou o cereal, estamos claramente ante unha paisaxe mediterránea, probablemente de interior se non aparece a horta costeira.

- **O hábitat rural e o poboamento**

- *Identificar o núcleo ou núcleos de poboamento existentes e localizalos na paisaxe.*
- *Sinalar o tipo de hábitat: disperso, cando as vivendas están espalladas e illadas no campo; disperso intercalar (intermedio) cando a distribución é mixta, con un ou varios pequenos núcleos e certa cantidade de poboación dispersa polo territorio próximo. Pode ser un hábitat concentrado, cando as vivendas se concentran nun único núcleo. Se é concentrado, sinalar o tamaño, indicando se se trata de grandes poboacións (máis típicas do sur de España) ou pequenas (máis típicas de Castela e León). Isto non se deduce só pola extensión da localidade, senón tamén pola altura dos edificios. Tamén indicar se é concentrado lineal (disposto en torno a unha vía central) ou concentrado apiñado (agrupado en torno a un núcleo central) e, neste último caso, se é regular ou irregular.*
- *Marcar a posible evolución destes núcleos: se parecen decadentes e con tendencia ao abandono ou se son dinámicos (o estado das edificacións e a súa antigüidade poden dar pistas). Nos núcleos dinámicos, sinalar a aparición de novas formas de poboamento como urbanizacións ou segundas residencias, relacionadas coa poboación urbana, xa sexa por necesidades de lecer ou pola expansión urbana de cidades próximas.*
- *Sinalar as características da casa rural que atopemos:*
  - *Definir se predomina a casa tradicional ou moderna. O material de construción é difícil de observar en fotos, polo que non resulta especialmente definitivo na análise do hábitat. Ademais, a maioría das localidades sufriron reformas importantes, e en moitos casos predominan as de construción recente, sen ter en conta a arquitectura tradicional. Non obstante, en moitas aldeas persiste a casa rural típica, que pode ser de barro con palla (tapial ou adobe), característica de Castela, Estremadura ou Andalucía, aínda que en fotos pode confundirse con construcións modernas de ladrillo. As casas de madeira entramada (truncos de madeira combinados con tapial) eran frecuentes en zonas de Castela e León, no País Vasco (caserío vasco) ou en áreas de montaña, e as casas de pedra existen en zonas de Castela e León ou Cataluña (masía catalana).*
  - *Diferenciar o tipo de casa segundo o plano:*
    - *Casa bloque (todas as dependencias baixo o mesmo teito: almacén, palleira, corte, vivenda), xeralmente de varios pisos, como o caserío vasco ou a casona cántabra ou asturiana.*

- *Casa composta, con varios edificios (vivenda, almacén, cortes, hórreos, palleiras), con patio interior ou pechado. Exemplos son a masía catalana ou o cortello andaluz.*

- *Detalles das casas que axudan a identificar a paisaxe:*
  - *No norte, os tellados son a dúas augas bastante pronunciadas e con frecuencia con voadizo (exemplo: caserío vasco), mentres que nas mesetas, Andalucía ou Cataluña son menos pronunciados. En zonas con menor pluviosidade, como o sueste español ou Canarias, ás veces hai tellados planos e en terraza.*
  - *Os tons e cores dominantes na arquitectura varían coa xeografía. Cara ao sur desde a Meseta Norte, os pobos vólvense máis brancos, especialmente en Andalucía. En Castela e León predominan os tons ocres.*
- *Analizar as infraestruturas: estradas, rede de camiños, obras hidráulicas como canles ou regos, naves ou almacéns.*

#### **4. A estrutura agraria**

- *Determinar o tamaño das explotacións (latifundio ou gran propiedade, minifundio ou pequena propiedade, mediana propiedade) e o grao de concentración parcelaria (aínda que non visible, un mercado minifundismo adoita ir acompañado de dispersión parcelaria). Se as parcelas son moi pequenas, é evidente a existencia de minifundio e dispersión parcelaria.*
- *Definir a forma das parcelas, ben regulares ou irregulares.*
- *Sinalar os límites entre parcelas, distinguindo entre openfield (campos abertos sen separación física entre parcelas) e bocage (campos pechados con separacións físicas como sebes, muros de pedra ou valados).*
- **Os usos agrarios**
- *Identificar os cultivos existentes (cereais, vide, oliveira, froiteiras, produtos hortofrutícolas, etc.), indicando se os cultivos son ou non arbóreos (froiteiras, oliveira, etc.).*
- *Indicar se predominan ou non os usos gandeiros (prados ou pasteiros) ou tamén explotacións forestais (observar as posibles repoboacións de piñeiro e eucalipto).*
- *Sinalar se son de secaño ou de regadío (observar as infraestruturas como canles, regos, etc.), e no caso de regadío, se hai invernadoiros.*
- *Indicar a combinación de cultivos (monocultivo ou policultivo). Segundo isto, valorar a tendencia ao autoconsumo ou a vinculación ao mercado.*
- *Indicar o sistema de explotación: se se trata de explotacións extensivas ou intensivas e, en función disto, deducir se hai bos rendementos e investimentos en tecnoloxía, mecanización, fertilizantes, abonos, etc. No caso da gandería, sinalar se é a dente ou estabulada.*

## 6. **Outros usos do solo**

*Indicar outros usos do solo relacionados cos ámbitos residenciais, turísticos ou industriais (urbanizacións residenciais ou turísticas, naves e polígonos industriais).*

## 7. **Problemática do espazo**

- *Valorar a rendibilidade da agricultura descrita, tendo en conta factores como:*
  - *A estrutura da propiedade: o minifundismo e a dispersión parcelaria adoitan ser pouco rendibles, aínda que unha pequena parcela en regadío intensivo pode selo.*
  - *O tipo de cultivo: os cultivos de regadío intensivo (hortofrutícolas) son especialmente rendibles, mentres que o cereal de secano, a gandería extensiva do sur ou a gandería vacúa e leiteira do norte teñen cada vez máis problemas. Neste sentido, considerar a influencia da PAC (Política Agraria Común).*
- *Valorar o grao illamento e a escaseza ou non de equipamentos do medio rural descrito. Relacionado con isto, o éxodo rural e o envellecemento da poboación, algo visible a través do hábitat rural.*
- *Sinalar problemas medioambientais:*
  - *A deforestación en zonas de pendente excesiva que xera erosión.*
  - *A aridez.*
  - *Problemas derivados da excesiva urbanización ou da explotación abusiva de acuíferos.*
  - *A contaminación de augas polo uso excesivo de fertilizantes ou tratamentos fitosanitarios, asociado a invernadoiros e regadío.*
- *Posibilidades de futuro:*
  - *Mellora de infraestruturas.*
  - *Promoción doutros sectores como a industria ou os servizos.*
  - *Fomento do turismo rural ou verde, directamente relacionado coa beleza e o grao de conservación ou destrución da paisaxe.*

### 3. Comentario dunha paisaxe agraria española: atlántica, mediterránea e de interior.

#### Paisaxe agraria española mediterránea litoral

ABAU 2021

Atendendo ás figuras 1 e 2: a) Enumere catro provincias que teñan paisaxe agraria de montaña (figura1). (1 punto); b) Identifique e describa os tipos de documento representados nas figuras 1 e 2. (1 punto); c) Indique os tipos de paisaxes agrarias de España sinalados cos números 1, 2 e 4 na figura 1. (1 punto); d) Comente as características da paisaxe da figura 2. (1 punto); e) Explique as consecuencias do tipo de actividade que se desenvolve na figura 2. (1 punto).



Figura 1. Fonte: Editorial Anaya



Figura 2. Fonte: Google Earth

**a) Enumere catro provincias que teñan paisaxe agraria de montaña (figura 1). (1 punto)**

León, Ourense, Zamora, Palencia, Burgos, A Rioxa, Huesca, Lleida, Xirona, Barcelona, Salamanca, Cáceres, Ávila, Segovia, Soria, Teruel, Cuenca, Cádiz, Málaga e Granada.

**b) Identifique e describa os tipos de documento representados nas figuras 1 e 2. (1 punto)**

Figura 1: **mapa corocromático** de España, con división administrativa provincial e autonómica, indicando os 5 grandes tipos de **paisaxes agrarias** existentes.

Figura 2: **fotografía** aérea de superficie de **invernadoiros**, con cultivos baixo plástico no **SE peninsular**.

**c) Indique os tipos de paisaxes agrarias de España sinalados cos números 1, 2 e 4 na figura 1. (1 punto);**

Paisaxe 1: paisaxe da España húmida.

Paisaxe 2: paisaxe de montaña, húmida e mediterránea.

Paisaxe 4: paisaxe da España mediterránea litoral, especializada en horticultura de regadío.

**d) Comente as características da paisaxe da figura 2. (1 punto);**

Esta é unha paisaxe agraria na que se distinguen **factores** naturais e humanos:

-Entre os **naturais**, o relevo é propio dunha **chaira**, sen pendentes significativas; o clima acada **temperaturas medias elevadas** ao longo do ano -cunha notable insolación anual, e **escasas precipitacións** -inferiores aos 250 mm anuais, polo que ten trazas de **aridez** dos dominios mediterráneos **esteparios ou subdesérticos**.

- Entre os **humanos** cabe citar un **poboamento disperso**, unha tenza da terra predominante en **propiedade directa** - aínda que tamén é importante a cantidade de superficie en aluguer, e un hábitat disperso característico de áreas hortícolas; a meirande parte das propiedades teñen dimensións **minifundistas**. A partir dos **anos 1970**, a área do SE peninsular comezou a desenvolver unha **especialización en cultivos para o mercado**, orientados en moitos casos aos países membros da CEE (actual UE). España converteuse daquela na "horta de Europa", e nas chairas almerienses medraron paisaxes de **invernadoiros e enareados** que pasaron a coñecerse como "**mar de plástico**", pola visión aérea que deste espazo nos proporciona Google Earth.

Baixo o plástico, créanse unhas condicións óptimas para o cultivo de **produtos de horta** (tomate, pepino, pementos, etc.) e **froitas tropicais** que son auténticas primicias mesmo en inverno. A **PAC favoreceu** e promocionou este tipo de especialización mediterránea no caso da agricultura española. É unha área de **elevada produtividade**, baseada:

- a) no uso de **sementes escollidas** e axeitadas ao gusto do consumidor;
- b) cultivos **transxénicos** para aumentar a produtividade agrícola;
- c) uso intensivo de **fertilizantes e praguicidas**;
- d) nunha **utilización intensiva da auga**, mellorando os sistemas de regadío por aspersión e pingueira para tratar de aforrar o consumo deste ben escaso e prezado;
- e) no emprego dunha **man de obra**, sobre todo **inmigrantes** - de procedencia magrebí e subsahariana, en boa medida de xornaleiros contratados descontinuamente.

A **paisaxe** resultante é **intensiva na ocupación do espazo e uniforme na imaxe exterior** que ofrece.

**e) Explique as consecuencias do tipo de actividade que se desenvolve na figura 2. (1 punto).**
